



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Convocatoria e bases reguladoras do proceso de provisión de prazas de policía local por mobilidade

ANUNCIO

Mediante resolución da Alcaldía nº 299/2026, de data 06/03/2026, aprobouse a convocatoria e Bases reguladoras do proceso de provisión por mobilidade de prazas no corpo da policía local, escala básica, categoría de policía.

O texto íntegro da Bases reguladoras e o que se transcribe a continuación:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE DE PRAZAS NO CORPO DA POLICÍA LOCAL, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA

1.- OBXECTO

1.1.- É obxecto da presente, a regulación do proceso para a provisión de dúas (2) prazas vacantes no corpo da policía local, escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, escala básica, categoría de policía, Grupo C, Sub-grupo C1, incluídas na OEP 2025 do Concello de Ordes (BOP número 249, de data 30 de decembro de 2025) pola quenda de mobilidade, a través do procedemento de concurso.

1.2.- O proceso rexeráse polo establecido nestas bases e para o non previsto aplicarase o disposto en:

- a. Constitución española (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1978).
- b. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- c. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- d. Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- e. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- f. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015).
- g. Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- h. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, do 4 de maio de 2015).
- i. Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- j. Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicable.
- k. Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- l. Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG núm. 85, do 3 de maio de 2007).
- m. Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2023).
- n. Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOG núm. 222, do 22 de novembro de 2017).
- o. Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade dos corpos de policía locais para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais (DOG núm. 22, do 2 de febreiro de 2009).

1.2.- As retribucións básicas e complementarias que corresponden aos postos de traballo, por todos os conceptos, son as que figuran na RPT en vigor (BOP número 12, de data 20 de xaneiro de 2026).

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

2.1.- Para ser admitido/a para participar no proceso de provisión por mobilidade, os/as aspirantes deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación exixida para acceder a condición de funcionario do subgrupo C1, conforme a normativa de función pública (bacharelato, técnico ou equivalente). Para os efectos de equivalencia da titulación, aplicarase o disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais.
- b) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía do dito corpo.
- d) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto polo sistema de mobilidade debe permanecer nel un mínimo de tres anos para poder participar nos concursos regulados neste artigo.
- e) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- f) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B, comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes ata o momento da xubilación.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración responsable.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante certificado médico oficial.
- i) No suposto regulado no artigo 40 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, en relación coa participación simultánea en varios procesos de mobilidade, establécese como obriga a comunicación desta situación á Agasp e ao/aos concello/s interesado/s.

2.2.- Os requisitos enumerados neste artigo deberán acreditarse na data da presentación da solicitude, dentro do prazo fixado nesta convocatoria e deberán manter ata que remate o proceso selectivo ata o momento do efectivo ingreso nesta Administración.

3.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, en cumprimento do establecido no artigo 32.3 da Lei 4/2007, de 20 de abril. Así mesmo estarán íntegras, a disposición das persoas interesadas, na páxina web municipal (<https://concello.ordenes.gal/>), no apartado de proceso de selección de persoal e na sede electrónica do Concello (<https://sede.ordenes.gal/sxc/gl/>).

O anuncio da convocatoria das bases do proceso de selección será publicado tamén no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial do Estado (BOE), tal e como se establece legalmente.

As convocatorias e resultados das probas serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Ordes (<https://sede.ordenes.gal/sxc/gl/>) e na web municipal <https://concello.ordenes.gal/>, no apartado de procesos selectivos.

Publicaranse no BOP de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC):

- Relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- Relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas e data e lugar de realización do concurso.

No taboleiro de anuncios do concello así coma na páxina web do concello publicaranse, as comunicacións e resolucións ou actos do Tribunal.

4.- SOLICITUDES, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso provisorio dirixiranse á Alcaldía Presidencia.

Presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Ordes: https://sede.ordes.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico, que é o Anexo I destas Bases.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Non se terá en conta a documentación que non quede debidamente acreditada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de participación no proceso vincularán as persoas solicitantes unha vez finalizado o prazo de presentación destas.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, toda vez se teñan publicadas as presentes Bases reguladoras no BOP de A Coruña e remitido anuncio de convocatoria ao DOG.

Para ser admitidos/as, os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, ademais de presentar a documentación requirida.

Á solicitude (Anexo I), debidamente cuberta e asinada, acompañarase inescusablemente da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

1. Fotocopia de DNI por ambas as dúas caras.
2. Fotocopia dos permisos de conducir.
3. Titulación esixida como requisito nas presentes Bases.
4. Relación de méritos (autobaremada e asinada) que se acrediten, por cada un dos apartados de que consta o concurso.
5. Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados. A documentación acreditativa de tales méritos deberá presentarse na orde que figura cada un deles na relación de méritos. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.
6. Certificado acreditativo en que conste que se cumpren os requisitos recollidos na Base 2.1 desta convocatoria de:
 - Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría de policía.
 - Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía, dende a data de nomeamento como funcionario de carreira.
 - Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
 - Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
7. Resgardo acreditativo de abonar os dereitos de exame, que conforme á Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa ((art. 6. Epígrafe 4º, Ordenanza Fiscal nº 24) ascende á contía de 66,65 euros. Para isto, os/as aspirantes deberán autoliquidar a taxa por dereitos de exame facendo constar no campo de “ Descripción” A praza á que opten e facela efectiva na seguinte conta bancaria: ES8620800307153110000609

As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polas persoas aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das medidas legais que correspondan.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para emenda da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015 é de 10 días hábiles dende a publicación no BOP da aprobación da listaxe provisional. Complementariamente e unicamente aos efectos informativos a listaxe provisional

publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.ordenes.gal/sxc/gl/informacion/>) e na páxina web municipal.

Non se poderá emendar a presentación da solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto, nin a falta de pagamento da taxa establecida.

No caso de non existir aspirantes excluídos/as, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución. Publicarase no BOP, taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, e na páxina web municipal, a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e o lugar, día e hora de comezo do procedemento de concurso.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar nos procesos.

Esta publicación no BOP será a determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Comezado o proceso, a publicación dos sucesivos anuncios efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal.

5.- TRIBUNAL

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o ingreso a titulación de bacharelato ou superior, a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente).

En todo caso, será precisa a asistencia das persoas titulares da presidencia e da secretaría.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os acordos adoptados polo Tribunal serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/deseestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros do Tribunal, de ser o caso.

6.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección será o concurso, consistente na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes, de conformidade co baremo de méritos que se recolle no ANEXO II da presente convocatoria e no anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de temporada. O concurso non terá carácter eliminatorio.

Só se terán en conta os documentos acreditativos que se presenten antes do peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos no período de alegacións.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

Normas a ter en conta na aplicación dos baremos.

- No apartado 1. Titulacións académicas oficiais, non se valorará:
 - o A titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, excepto que se posúa máis de unha.
 - o As titulacións necesarias ou as que se empregaran como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.
 - o As titulacións que non estean recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Deberá aportar a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou a disposición na que esta se estableza e, no seu caso, o BOE no que se publicou.
 - o Só se valorarán as titulacións e diplomas oficiais, considerándose como tales os recoñecidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.
- No apartado 3. Formación Profesional e docencia:
 - o Valoraranse segundo os puntos especificados no Anexo II, distinguindo entre actividades formativas de asistencia (AS) e actividades formativas con exame de aproveitamento (AP).
 - o Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidos directamente pola Agasp, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas.
 - o Os cursos de manifesto interese policial, homologados pola Agasp, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua.
 - o Valorarase no apartado de docencia, cos puntos detallados no Anexo II, a participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas:
 - Directamente pola Agasp, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas dirixidos, en particular, aos corpos da Policía Local ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade.
 - Nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, cando se trate de actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos, en particular, aos corpos da Policía Local ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade.
 - o Non se terá en conta, para os efectos de valoración:
 - Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.
 - Os cursos repetidos, excepto que haxa transcorrido un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso.
 - Os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado 1 do Anexo II, nin a superación de materias deles.
- No apartado 4. Distincións e recompensas:
 - o Terase en conta a normativa ao respecto na materia, en particular o estipulado no Capítulo III do Título VIII, do Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policía Locais.

- No apartado 5. Idiomas:
 - o Valoraranse os coñecementos en idiomas, distintos do castelán e do galego, acreditados por certificado oficial de idiomas estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas, de acordo co establecido no Real decreto 1041/2017, d e 22 de decembro (BOE nº 311, de 23 de decembro de 2017).
 - o Só se terá en conta o ciclo ou nivel de maior valor dos que se acrediten por cada idioma: máximo 2 puntos por cada idioma.
- No apartado 6. Lingua galega:
 - o Só se serán en conta o título de maior nivel dos que se acrediten, máximo 2 puntos, partindo do título superior esixido para o acceso á categoría de policía.

A baremación realizada polo tribunal publicarase na páxina web e na sede electrónica do Concello de Ordes, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación provisional, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación.

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva na páxina web e na sede electrónica do Concello de Ordes.

No caso de empate nas puntuacións finais obtidas por dous ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata que se produza o desempate:

- a) Criterio de desempate recollido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.
- b) Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de maneira sucesiva.
- c) Puntuación máis alta referida aos méritos no apartado 3 de formación profesional e docencia. d) Posesión de titulación académica de maior nivel.
- d) Sorteo. No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

Unha vez finalizado o proceso o tribunal elaborará, por orde decrecente de puntuación, a listaxe de persoas seleccionadas.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuácese de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, para a quenda de mobilidade horizontal, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas, todo iso de acordo ao previsto no art. 13 do Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro da Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal unha relación complementaria das persoas aspirantes que siga á proposta, para á súa posible toma de posesión como persoal funcionario no Concello de Ordes.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 3ª da presente convocatoria.

As cualificacións das persoas aspirantes finalistas serán publicadas na páxina web do Concello de Ordes.

O destino obtido como consecuencia da presente convocatoria é irrenunciable, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obtivese outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso a persoa interesada deberá optar e comunicar cal é o posto da súa elección, tal e como establece o artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Co fin de asegurar a cobertura do posto convocado, cando a persoa proposta opte por tomar posesión noutro destino o Alcalde requirirá do tribunal unha nova proposta de adxudicación á persoa aspirante que corresponda, segundo a puntuación obtida.

As persoas funcionarias propostas para a adxudicación do posto do proceso de mobilidade, cesará no prazo de cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomará posesión do novo posto no prazo dos dez días seguintes ao cesamento. O tempo transcorrido entre a data do cesamento e a da toma de posesión computarase como de servizo activo no concello de Ordes.

En todo caso, os prazos para a data do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que tivese concedidos a persoa interesada. Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciárase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e posparto, nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas funcionarias poderán cesar no posto que ocupan con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuarán o desfrute do permiso ata a súa finalización.

De acordo co artigo 40, do Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro, en caso de que o persoal funcionario participe en dous ou máis procesos simultáneos de mobilidade horizontais, está suxeito ás seguintes obrigas:

- Comunicar a cada Concello afectado a súa participación en procesos idénticos noutros Concellos, de modo que se poida ter en conta esta circunstancia por cada Concello, no suposto de resultar seleccionado, antes de ditar a proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal.
- Comunicar por escrito a cada Concello no que vaia a tomar posesión, antes da proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal, a renuncia á mesma.

7.- PROCEDEMENTOS PENAIS OU ADMINISTRATIVOS PENDENTES.

Cando as persoas que participan no proceso teñan aberto, ou se lles abra con posterioridade, un procedemento penal ou administrativo que puideran finalizar cunha condena por delito doloso, coa separación do servizo das administracións públicas ou a inhabilitación para o exercicio das funcións públicas, a admisión ao proceso, a permanencia no mesmo, así como o seu acceso no corpo da Policía Local, quedará condicionado ao feito que nos citados procedementos non se produza a condena ou separación referida.

O persoal participante, no suposto de atoparse nas situacións descritas no parágrafo anterior, debe comunicar tal situación e o Concello de Ordes poderá solicitar en calquera momento do proceso unha declaración xurada de non atoparse nas devanditas situacións.

A falsidade ou omisión de datos nesta declaración xurada dará lugar ás responsabilidades que se establezan na normativa vixente aplicable en relación co incumprimento das ordes ou disposicións ditas polo Concello de Ordes.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa candidata que fose proposta polo Tribunal para ocupa-la praza convocada deberá achegar, no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do Tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubri-la praza convocada, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo:

- a) Titulación académica.
- b) Declaración responsable comprometéndose a manter vixentes os permisos de condución B e A2.
- c) Declaración responsable do compromiso de portar armas e, de ser o caso, de chegar a utilizalas.
- d) Declaración responsable de non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública.
- e) Declaración responsable de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente
- f) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física que impida o normal desempeño das funcións correspondentes.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia, axustándose as posicións das demais persoas aspirantes de acordo coas puntuacións obtidas no proceso selectivo.

9.- NORMAS FINAIS.

Primeira.–Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (LEPG), Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora de da Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, Decreto 15/2023 do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 4/2007 e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.–Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.–Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderase interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarta.- O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso provisorio, en todo canto non estea previsto nestas bases.

Ordes, 9 de marzo de 2026

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROCESO DE PROVISIÓN POR MOBILIDADE. ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

D/D^a con DNI núm:
con enderezo C.P.
Localidade, teléfono de contacto e correo electrónico a efectos de notificacións

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de provisión de dúas (2) prazas de POLICIA LOCAL, pola quenda de mobilidade.

Declaro explicitamente:

- Cumprir os requisitos establecidos nas Bases reguladoras da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da documentación referida á presente:

1. Fotocopia de DNI por ambas as dúas caras.
2. Titulación esixida como requisito nas bases.
3. Certificados acreditativos de ter en propiedade a categoría de policía nalgún dos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na dita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de 3 anos nesa categoría, de levar máis de 3 anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación
4. Xustificante de aboamento de taxas
5. Relación de méritos que se acreditan.
6. Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta solicitude para participar na convocatoria do proceso de provisión de prazas de mobilidade enriba referidas.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ORDES, con dirección RÚA ALFONSO SENRA Nº 108 - 15680 ORDES (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ORDES dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección RÚA ALFONSO SENRA Nº108 - 15680 ORDES (A CORUÑA).

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES

ANEXO II. BAREMO DE MÉRITOS

EPÍGRAFES	DESCRIPCIÓN DOS MÉRITOS QUE SE VAN A VALORAR	VALORACIÓN PARCIAL (EN PUNTOS)	
1. Titulacións académicas oficiais	- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente	3,00	
	- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente	2,00	
	- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente	1,50	
	- Bacharelato técnico ou equivalente	0,50	
2. Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local	0,20	
	- Cada ano de servizo ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de seguridade	0,10	
	- Cada ano de servizo ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de calquera Administración pública.	0,05	
3. Formación profesional e docencia	Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas	AS	AP
	- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015	0,025
	- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010	0,020
	Como alumno noutras actividades alleas á Agasp	AS	AP
	- Cursos ou actividades ata 20 horas	0,20	0,30
	- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas	0,35	0,50
	- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas	0,45	0,65
	- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas	0,50	0,75
	- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00
	- Cursos ou actividades de máis de 200 horas	1,00	1,30
	Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas		
	- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,020	
	- Cada hora en actividades de formación en liña	0,015	
	Como profesor noutras actividades alleas á Agasp		
	- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015	
	- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010	
4. Distincións e recompensas oficiais	- Placa individual ao mérito da policía local	2,00	
	- Placa colectiva ao mérito da policía local	1,50	
	- Medalla ao mérito da policía local	1,00	
	- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos	0,75	
	- Distincións do órgano colexiado competente do concello	0,25	
5. Idiomas	Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de EOI		
	A) Ciclos.		
	- Certificado de superación do ciclo elemental	1,00	
	- Certificado de superación do ciclo superior	2,00	
	B) Niveis.		
	- Certificado superación nivel básico	0,65	
	- Certificado superación nivel intermedio	1,30	
	- Certificado superación nivel avanzado	2,00	
6. Lingua galega	Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten		
	- Curso de linguaxe administrativa nivel medio	1,50	
	- Curso de linguaxe administrativa nivel superior	2,00	

2026/1432